

# ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS “ PONTEMUÍÑOS”

## CAPITULO I DA ASOCIACION EN XERAL

### Artigo 1.

Constitúese no Concello de Pontevedra unha Asociación sen ánimo de lucro que se denominará “ASOCIACION DE VECIÑOS PONTEMUÍÑOS”. A Asociación rexerase polos presentes Estatutos, e pola lexislación vixente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

### Artigo 2.


Son fins principais da Asociación:

- Representar, canalizar e expoñer opinións, criterios e aspiracións dos veciños así como a denuncia e defensa respecto das cuestións seguintes :
  - a. Urbanismo e vivenda.
  - b. Sanidade.
  - c. Medio Ambiente.
  - d. Educación e cultura.
  - e. Transporte e Servicios Públicos.
  - f. Servicios Sociais.
  - g. Xuventude e Deporte.
  - h. Seguridade Ciudadana e Actividades Molestas.
  - i. Desenvolvemento do Medio Rural.
  - j. Usuarios e Consumidores.
- A formación e información dos veciños asociados nas materias enumeradas con anterioridade .
- Colaborar coas administracións locais, provinciais e autonómicas na consecución dos fins associativos antes enumerados.
- Velar polas boas relacíons de convivencia.

### Artigo 3.

Para levar a cabo os seus fins, poderá a Asociación organizar toda clase de actividades.

Os asociados e familiares non só serán os principais destinatarios das actividades realizadas pola Asociación.



#### Artigo 4

O domicilio principal e permanente radicará en: Rua Matos de Arango s/n.  
Urbanización Pontemuiños – 36153 – Lourizán - Pontevedra

Poderánse utilizar outros locais asociativos noutros lugares, mediante acordo da Xunta Directiva, que terá atribucións para cambiar, tanto o enderezo como os locais, dando conta do seu acordo ó Organismo encargado do Rexistro de Asociacións.

Para os efectos de comunicacóns e notificacións sinálase o seguinte enderezo: Rua Matos de Arango s/n. Urbanización Pontemuiños – 36153 – Lourizán - Pontevedra.

#### Artigo. 5.

A Asociación en función dos seus fins e da ubicación do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial do Concello de Pontevedra, cos seguintes lindes: Polo Norte a Autovía Pontevedra – Marín, polo Sur O Cruceiro da Rúa de Cobas, polo Este as naves da industria Nodosaser e polo Oeste a circunvalación da Autopista.

#### Artigo 6.

A duración desta Asociación é de carácter indefinido e só disolverase, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

A Asociación rexerá segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.


### CAPITULO II

#### DOS SOCIOS

#### Artigo 7.

Poderán ser integrantes da Asociación tódalas aquelas persoas físicas ou xurídicas, que reúnan os seguintes requisitos:

- Que teñan o seu enderezo habitual, propiedades ou intereses dentro do ámbito territorial expresado no artigo 5 destes Estatutos.
- Que o soliciten e se identifiquen cos fins da Asociación.
- Que non esté asociado a outra Asociación de Veciños dentro do termo municipal de Pontevedra.
- Estar no pleno uso dos dereitos civís e non estar incuso nas causas de incompatibilidade dispostas pola lexilación vixente.



Todos terán os mesmos dereitos e obrigas.

O número de socios non terá limitación algunha.

#### Artigo 8.

Dentro da Asociación poderán existir las seguintes clases de asociados:

- Persoas físicas maiores de idade, ou xurídicas con plena capacidade de obrar tralo acordo do organo competente; que o soliciten. A o nome de estas librarase o recibo da cota a satisfacer e as comunicacóns.
- Asemade terán carácter de socio toda-las persoas maiores de idade, que o soliciten e vivan no mesmo domicilio do socio (persoa física) nomeado no apartado anterior.
- A cota a pagar será única por domicilio, e para todos eles igual independentemente do número de socios (referidos no punto anterior) que residan en cada domicilio.

#### Artigo 9.

Os asociados teñen os seguintes dereitos:

- Tomar parte nas Asembleas con voz e voto.
- Poder elexir e ser elexidos para cargos directivos
- Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins
- Disfrutar de tódalas vantaxes e beneficios que a Asociación poda obter
- Ter copia destes Estatutos, previa petición por escrito dos mesmos
- Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva
- Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación
- Propor calquera suxerencia, queixa ou crítica ós membros da Xunta Directiva en orde a mellora-lo cumprimento dos fins da Asociación, ben por escrito ou nos termos más claros posibels, e terá dereito a recibir resposta de igual forma
- Que se lle poña de manifesto o estado de contas e ingresos e gastos da Asociación tódolos anos, así como o desenvolvemento da súa actividade
- Impugna-los acordos dos órganos da Asociación que estime contrarios a Lei e os Estatutos.

#### Artigo 10.

Son obrigas dos asociados:

- Prestar cantes servicios determinen os Estatutos, o Regulamento de Régime Interno e os acordos das Asembleas Xerais.
- Desempeña-los cargos para os que foron elexidos
- Asistir ás Asembleas Xerais
- Satisfacer las cotas que se establezan



- Observar unha boa conducta individual e cívica
- Cumpri-los acordos da Asemblea Xeral e o contido dos Estatutos

4

### Artigo 11.

Ningún socio poderá realizar de forma individual, feito algúñ no nome da Asociación, se non está autorizado para iso pola Xunta Directiva

### Artigo 12.

Os acordos de admisión de asociados tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición escrita da persoa que deseñe ser admitida.

Non será motivo de non admisión ou de expulsión profesar calquera ideoloxía política ou credo relixioso.

### Artigo 13.

A condición de asociado pérdese:

- Pola vontade propia.
- Pola falta de pago das cotas correspondentes a seis meses si pagan por mes; doce meses si pagan por semestre e quince meses si pagan por ano; previo aviso por escrito por parte da Xunta Directiva.
- Pola realización de accións que perxudiquen gravemente ós intereses da Asociación.
- Por expediente disciplinario. Neste caso concederase ó socio un prazo de oito días para que por escrito expoña as razons no seu descargo que crea convintes.

### Artigo 14.

A expulsión de asociados será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recurrir ante a xurisdicción ordinaria.

Cando a baixa se produza por vontade dun asociado, éste deberá realizar unha petición escrita e procederá ó aboamento previo de tódalas cotas que teña pendentes.

A baixa definitiva dun socio, ben pola vontade propia ou polo acordo da Xunta Directiva, levará aparellada a pérda de todo-los seus dereitos na Asociación.

### Artigo 15.

Os asociados poderán pedir a separación temporal por escrito.

A Xunta Directiva poderá acorda-la separación temporal dun asociado cando se esté tramitando un expediente sancionador, ou concurran causas xustificadas que o aconsellen, tales como o retraso no pago dalgúnha cota, ou comportamentos que afecten a boa marcha dalgún dos fins da Asociación.

## CAPITULO III

### DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

#### **A) A XUNTA DIRECTIVA**

##### Artigo 16.

A dirección e administración da Asociación serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

##### Artigo 17.

O Presidente da Asociación asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebre unha e outra.

##### Artigo 18.

A Xunta Directiva estará formada por un Presidente, un Secretario, un Tesoreiro e un mínimo de tres vocais, cargos que deberán recaer en asociados.

No caso de ausencia ou enfermidade do Presidente, Secretario ou Tesoreiro serán substituídos por outro membro da Xunta Directiva..

No caso de dimisión do Presidente o resto da Xunta Directiva convocará eleccións nun prazo non maior a sesenta días naturais dende a data de dimisión.

No caso de dimisión do Secretario ou Tesoreiro sustituirase por un Vocal e informarase na próxima Asemblea Xeral.

De ser un vocal, o Presidente valorará a necesidade de substituílo ou non.



## Artigo 19.

Os cargos que componen a Xunta Directiva serán gratuitos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificados, e deberán carecer de interéss económico nos resultados da actividade por si mesmos ou por persoa interpresa.

Elexiranse pola Asemblea Xeral en sesión Extraordinaria. Os cargos durarán un período de dous anos, áinda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

A Xunta Directiva será nomeada previa votación nominal dos candidatos a Presidencia propostos os socios.

Será candidato a Presidencia, todo socio que o solicite por escrito entregado a Xunta Directiva en funcións, nun prazo non inferior a 72 horas antes do comienzo de Asemblea Xeral.

Serán requisitos imprescindibels, tanto para o candidato que opta á Presidencia, coma para os demais membros da lista, que todos leven un mínimo de tres meses como socios e ter satisfeitas as cotas.

Asemade, será requisito que o candidato a Presidente, presente a Asemblea Xeral os nomes, coa conformidade persoal ou escrita dos socios que leve na candidatura en cada un dos postos que componen a Xunta Directiva.

Se os membros da Xunta Directiva non optasen a ser reelexidos e non presentarase outra candidatura, designarase novo Presidente por medio dun sorteo entre todo-los socios que cumpran cos requisitos reflectidos no punto quinto deste artigo. O sorteo realizarase pola Xunta Directiva en funcións, en data e hora fixadas e comunicadas ós socios nun prazo non inferior a 72 horas antes do comienzo do sorteo. O sorteo será público para todo-los socios que desexen asistir.

O Presidente así determinado elexirá o seu equipo de colaboradores nun prazo non superior a 15 días naturais contados dende a data do sorteo. No caso de non poder elexir o seu equipo de colaboradores neste prazo de tempo, os postos pendentes de cubrir determinaranse facendo un sorteo coas mesmas condicions que o de Presidente.

A Xunta Directiva sainte convocará Asemblea Xeral Extraordinaria á maior brevedade posibel, co fin de comunicar ós socios a composición da Xunta Directiva entrante.

Se os socios elexidos nestes sorteos, aceptaran o posto a cubrir poderán se así o desexan de non ser incluidos en vindeiros sorteos destas características nun ~~prazo de~~ dous anos despois de remata-lo seu mandato..




## Artigo 20.

Son funcións da Xunta Directiva:

- A plena representación legal da Asociación, representada na figura do seu Presidente.
- Manter e coidar o fiel cumprimento dos presentes Estatutos a das Normas, Regulamentos e Disposiciones vixentes.
- Programar e dirixi-las actividades asociativas e levar a xestión administrativa e económica da Asociación.
- Trazalas orientacións para o mellor cumplimento dos fins sociais da Asociación e arbitra-los medios e procedementos para o seu desenvolvemento.
- Convocar e fixa-la data da Asemblea Xeral.
- Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, a memoria de actuacións, así como-lo estado das contas do ano anterior.
- Presenta-los candidatos á Xunta Directiva diante da Asemblea Xeral comunicando para que posto presentase cada un deles.
- Decidir acerca da admisión de socios e fixa-las cotas ordinarias e extraordinarias que se aproben nas Asembleas Xerais.
- Resolve-las solicitudes de baixa temporal ou definitiva dos socios
- Informarse e resolve-los motivos de expulsión dos socios
- Propor a Asemblea Xeral a reforma dos presentes Estatutos.
- Designa-las Comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da Asociación, nomeando os membros das mesmas e facilitando os poderes necesarios para o cumplimento da sua labor.
- Organizar e dirixir os servicios da Asociación. Nomear calquera persoal necesario, acordando a sua retribución.
- Delegar a sua representación en terceiros, para actuacións concretas e con atribucións específicas, conferida por acordo escrito da Xunta Directiva.
- Contratar e formaliza-los contratos necesarios.
- Aproba-los pagos. Coloca-lo activo na forma que estime económica e axeitada os seus intereses, informando con detalle do investimento dos fondos sociais á Asemblea Xeral cantas veces esta o estime convinte.
- Proceder pola vía amigable na solución das dificultades que xurdan por queixas, reclamacións e outras, formuladas polo ou contra os socios e que a Directiva estime xustas, para que cheguen a bo fin. Se a vía amigable fracasase, a Directiva decidirá se declarase incompetente ou procede convocar unha Asemblea Xeral Extraordinaria co fin de promove-las accións xurídicas legais na defensa dos intereses dos socios.
- Exercer cantas funcións no estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral e tamén todas aquelas outras que lle sexan transferidas pola mesma

## Artigo 21.

A Xunta Directiva contrae a obriga diante da Asociación dos seus servicios. Asemade informará da sua xestión ó corpo social convocado en tempo e forma.



A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o Presidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida polo Presidente e, na súa ausencia, polo Secretario, e a falta de ambos, polo Tesoreiro.

O Secretario ou, no seu defecto, calquera outro membro da Xunta Directiva levantará acta das sesións, que transcribiráse ó libro de actas.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola mayoría simple de votos dos asistentes. No caso de empate decidirá o voto do Presidente ou de quen o substitua.

Os acordos tomados pola Xunta Directiva serán executivos.

Deberá dirixirse os seus socios mediante cartas, notificacións, informes, avisos e outros.

#### Artigo 22.

Os membros da Xunta Directiva coordinarán as comisións que a propia Xunta acorde constituir, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de recabar das mesmas as informacións necesarias. As comisións estarán formadas por polas persoas que a Xunta Directiva estime oportunas, ainda que preferentemente por asociados.

No suposto que calquera membro da Xunta Directiva cometá falta ou quebrantamento que sexa causa de sanción, a metade mais un da Xunta Directiva convocará Asemblea Xeral Extraordinaria ó ter coñecemento dela; ordeará de contado a apertura de información e, si é convinte o afastamento provisional do seu cargo e a sua substitución dacordo o previsto nestes Estatutos, quedando a espera da decisión que tome a Asemblea Xeral e con independencia de que a falta ou quebrantamento cometido sexa ou non, motivo de expulsión do transgresor, que tramitarase, no seu caso, dacordo co disposto no artigo 14 dos presentes Estatutos.


Serán tamén causas de afastamento provisional da Xunta Directiva a incompatibilidade manifesta do membro da Xunta co seu cargo. A falla dasistencia inxustificada, ben a dous xuntanzas seguidas da Xunta Directiva ou a cinco xuntanzas o longo dun ano. O incumprimento das funcións designadas e a falla de celo ou desinterés por cumplir cos fines da Asociación.

#### **B) ASEMBLEA XERAL – ORDINARIA E EXTRAORDINARIA**

#### Artigo 23.

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de expresión e decisión da vontade dos socios da Asociación que, cumprindo as condicións establecidas teñan dereito a voto e estean ó corrente das suas obrigas.

Poden ser Ordinarias ou Extraordinarias.



Estará composta por tódolos asociados da mesma. O Presidente e o Secretario da Asemblea serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

#### Artigo 24.

A Asemblea Xeral reunirase con carácter ORDINARIO como mínimo unha vez ó ano, e con carácter EXTRAORDINARIO cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten un mínimo do 25 % dos socios. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ó Presidente, autorizado coas firmas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día proposta.

Tanto a Asemblea Xeral Ordinaria como a Extraordinaria convocaranse con quince días de antelación polo Presidente da Xunta Directiva.

No caso de non poder convocar Asemblea Xeral por dimisión irrevocabel da Xunta Directiva, procederáse da seguinte forma:

- Un mínimo do 10 % dos socios, poderán convocar Asemblea Xeral Extraordinaria, para tratar a situación e tomar acordos.
- Presidirá a Asemblea o socio convocante de maior idade. Será o Secretario o socio convocante de menor idade.

Na convocatoria de Asemblea que a Xunta Directiva deberá facer chegar a todo-los socios aparecerá a Orde do Dia, na que debe constar:

- Data, hora e lugar da xuntanza das convocatorias.
- Lectura e aprobación do acta da Asemblea anterior.
- Os asuntos acordados pola Xunta Directiva a someter a consideración da mesma.
- Outros asuntos: Donde recolleranse ademas das propostas feitas na Asemblea, as propostas presentadas polos socios, formuladas por escrito, firmadas e presentadas na Secretaría da Asociación cun mínimo de dous días antes da data da Asemblea.
- Rematará cunha ronda de rogos e preguntas.

Non serán tratados na Asemblea, asuntos non incluidos na Orde do Día, namentres non se trate e decida sobre todo-los temas expostos na mesma.

A notificación pública da convocatoria farase nos locais da Asociación e por escrito no domicilio dos asociados.

### Artigo 25.

A Asemblea Xeral ORDINARIA reunirse necesariamente dentro dos tres primeiros meses de cada ano, para dar conta das actuacións feitas no ano anterior, do estado das contas e dos orzamentos para o ano en curso.

### Artigo 26.

Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

- A. Aproba-la acta da Asemblea anterior.
- B. Aproba-lo plan de actividades.
- C. Examinar e aproba-la memoria de actividades.
- D. Examinar e aproba-las contas e balances do exercicio anterior.
- E. Aproba-los orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio.
- F. Coñecemento dos asuntos referidos a Asociación e votación dos que se crea convintes


### X Artigo 27.

Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- A. Modifica-los Estatutos da Asociación.
- B. Elexi-los membros da Xunta Directiva.
- C. Aproba-la federación con outras Asociacións.
- D. Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
- E. Acorda-la disolución da Asociación.
- F. Designa-los liquidores.
- G. Ratifica-la expulsión de asociados a proposta da Xunta Directiva.
- H. Solicita-la declaración de utilidade pública da Asociación.
- I. Aproba-lo regulamento de réxime interno da Asociación.
- J. As que sendo de competencia da Asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan esperar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.
- K. Exame e aprobación das cotas.
- L. Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria.

### Artigo 28.

Para que as Asembleas poidan tomar acordos válidos, integraranse polos socios presentes ou representados, sempre que concurran a metade mais unha da masa social na primeira convocatoria, ou transcorrida media hora en segunda convocatoria co número de presentes ou representados.



### Artigo 29.

Os acordos adoptados deberán se-lo polo voto afirmativo da maioria simple dos socios presentes ou representados (cando os votos afirmativos superen os negativos); salvo os relativos a disolución da Asociación, modificación dos Estatutos, disposición ou enaxenación de bens e remuneración dos membros da Xunta Directiva, que requerirán maioría calificada (cando os votos afirmativos superen a mitade dos presentes)..

As votacións poderán ser públicas ou segredas dacordo ó desexo da propia Asemblea. Salvo para elección da Xunta Directiva que será segreda no caso de haber dous ou mais candidatos. Se presentase un só candidato o Presidente preguntará á Asemblea se a votación é pública ou segreda.

Unha vez rematados todo-los asuntos a tratar, o Presidente levantará a sesión. O Secretarió levará os acordos ó libro de Actas e asinará o mesmo co Presidente da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría simple.

### Artigo 30.

Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a todo-los asociados, incluso ós non asistentes.

### Artigo 31.

Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recurridos en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recurrir perante a xurisdicción ordinaria.

### Artigo 32.

O Presidente da Xunta Directiva terá, ademais das facultades consignadas no artigo 16 e 17, as seguintes atribucións:

- A. Convocar, presidir e levanta-las sesións que celebre a Xunta Directiva e as Asembleas Xerais, dirixi-las deliberacións dunha e outra, decidindo co seu voto de calidade en caso de empate
- B. Propoñe-lo plan de actividades da asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- C. Ordea-los pagamentos acordados validamente.
- D. Representa-la Asociación perante calquera organismo público ou privado así como sé-lo seu voceiro.




- E. Firma-las actas, certificados, pagos e outros documentos da Asociación xunto co Secretario ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.
- F. Delegar a sua representación da Asociación en persoas físicas para os fins que procedan.
- G. Coidar que se executen os acordos da Xunta Directiva e velar polo fiel cumprimento dos presentes Estatutos.
- H. Dar o visto e prace a todos los documentos referidos a Tesorería.
- I. En xeral toda-las funcións atribuidas á Presidencia.
- J. Poderá propor á Xunta directiva amplia-lo número de vocais dacordo coas necesidades da Asociación, dando conta deste acordo e pedindo o visto e prace na seguinte Asemblea Xeral.

### Artigo 33.

O Secretario da Xunta Directiva terá a seguintes atribucións:

- Recibirá e tramitará as solicitudes de altas e baixas, levará o ficheiro e o libro de rexistro de asociados dando conta das novedades ó Tesoreiro.
- Terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade.
- Correspónelle así mesmo notifica-las convocatorias e custodia-los libros (salvo os de contabilidade), documentos e o selo da Asociación e expedir certificacións dos mesmos co visto e prace do Presidente.
- Encargarase da redacción das actas das Asembleas Xerais e das xuntanzas da Xunta Directiva, que sinará co Presidente e en xeral toda-las funcións atribuidas ó seu cargo.
- Ó Secretario correspónelle tamén levar o inventario dos bens da asociación nun libro establecido ó efecto.



### Artigo 34.

O Tesoreiro da Xunta Directiva terá a seguintes atribucións:

- Recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación.
- Dará cumprimento asinando ás ordes de pagamento que expida o Presidente.

- Dirixirá a contabilidade da Asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, participando en tódalas operacións de orde económico e en xeral en toda-las funcións atribuidas o seu cargo.

### Artigo 35.

Os Vocais no número que determine a Asamblea Xeral, , ou amplie a Xunta Directiva dacordo co artigo 32, terán as seguintes atribucións:

- Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
- Desempeña-los traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva con celo e dilixencia dacordo cos Estatutos.
- Asistir e participar con voz e voto en toda-las xuntanzas da Xunta Directiva.

## CAPITULO IV

### RÉXIME ECONÓMICO

#### Artigo 36.

O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.  
Na actualidade dispon dun patrimonio de 23,00 euros.


#### Artigo 37.

A Asociación funcionará en réxime de orzamento anual. O borrador dos orzamentos será elaborado polo Tesoreiro da Asociación, e deberá ser debatido na última xuntanza do ano pola Xunta Directiva para recibir o seu visto e prace a fin de que poda ser aprobado na Asamblea Xeral Ordinaria.

#### Artigo 38.

A Asociación manterase dos seguintes recursos:

- As cotas periódicas dos asociados.
- As cotas extraordinarias que proponía a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asamblea.
- As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.



- D. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación e as rendas dos seus bens.
- E. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

#### Artigo 39.

As cotas ordinarias acórdanse pola Asemblea Xeral Extraordinaria, a proposta da Xunta Directiva non sendo reintegrables en caso algúin e adicándose a atende-las necesidades da Asociación.

#### Artigo 40.

Anualmente con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que formalizaránse nunha memoria, que será posta a disposición dos asociados, no local social, durante un prazo non inferior a 10 días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobarlo ou censuralo.

#### Artigo 41.

Anualmente no tempo que establece o artigo 25 será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral Ordinaria.


#### Artigo 42

Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositados os mesmos, terán recoñecidas as sinaturas na entidade correspondente o Presidente e o Tesoreiro, para a utilización conxunta deles.

Poderá a Xunta Directiva previo acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria, outorgar, solicitar e formalizar préstamos de calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, co destino, importe e condicións determinadas para cada caso.

#### Artigo 43.

Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuidos entre os asociados os recursos obtidos pola Asociación.



## CAPITULO V DO REGULAMENTO DE REXIME INTERNO

### Artigo 44.

O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos. En todo caso o funcionamento interno da Asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

## CAPITULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACION

### Artigo 45.

Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva en Asemblea Xeral Extraordinaria dacordo ó reflectido no artigo 29. A convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacions propostas, abrindo un prazo de 7 días para que calquera socio poida dirixir a Secretaría as propostas e enmendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma.

### x Artigo 46.

A Asociación disolverase polas seguintes causas.

- A. Pola vontade do 80 % da masa social.
- B. Por outras causas determinadas legalmente
- C. Por sentenza xudicial.

### Artigo 47.


Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres asociados liquidores, que xunto co Presidente e o Tesoureiro, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.



Artigo 48.

O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra Asociación non lucrativa, elixida pola Asemblea Xeral, inscrita na Comunidade Autónoma que teña fins benéfico-sociais

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscripción da disolución da Asociación.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE XUSTIZA  
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL  
MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS  
 Inscrita a modificación por resolución do 30.6.2004  
os sos efectos de publicidade de conformidade co  
artigo 22 da constitución e artigo 16 da L.O. 1/2002.  
PONTEVEDRA, 30 JUN 2004  
O DELEGADO PROVINCIAL

